

# REVISTA GALLEGA DE DIREITO SOCIAL

RECURSOS E SANCÍONS

## RESOLUCIÓN DE 19 DE MAIO DE 2003

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 4 e 19 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo; arts. 14, 15 e 17 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; e arts. 2, 3 e 4 do Real Decreto 1.215/1997, do 18 de xullo, polo que se fixan as disposicións mínimas de seguridade e saúde para a utilización polos traballadores dos equipos de traballo, en relación co punto 4 do apartado 1 do anexo I, punto, 3, 7 e 8 do apartado 1 do anexo II, e punto 1.d) do apartado 3 do anexo II do mesmo regulamento. Todo o anterior en relación co accidente laboral sufrido polo traballador don J.T.T., por canto o empresario non adoptou as medias necesarias para que o equipo de traballo posto a disposición do traballador fose o axeitado para a tarefa a realizar; o empresario non adoptou as medidas necesarias para que as condicións de instalación do equipo fora sometido a unha comprobación inicial; o accesorio de elevación non estaba marcado

para permitir que o usuario coñecera as súas características e o gancho da ponte grúa no que se colocan os diferentes útiles de enganche carecía de pestillo de seguridade.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.b) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MEDIO, en atención á gravidade dos danos producidos, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 40 da mesma norma legal, proponéndose a imposición dunha multa de 15.025,30 .

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 16 de maio de 2002 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 15.025,30 .

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### **Fundamentos xurídicos**

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. En canto aos feitos recollidos na acta, aínda que é certo que a inspectora actuante non foi testigo presencial dos mesmos, dado o carácter imprevisible dos accidentes de traballo, non cabe esquecer que a súa constatación a levou a cabo tralo exame do lugar do accidente, entrevistas cos representantes da empresa e dos traballadores, con membros do comité de empresa e do comité de seguridade e saúde, tralo exame da documentación laboral e de seguridade social da empresa e do informe técnico elaborado polo Servicio de Área de Seguridade e Saúde Laboral. Constatados así os fei-

tos e sinalado na propia acta o medio de convicción en que se baseou a funcionaria actuante, corresponde á empresa expedientada desvirtualos, pois aqueles gozan de eficacia probatoria, dada a innecesariedade manifesta da observación persoal dos feitos pola inspectora.

2. Constátase que o traballador accidentado utilizou un instrumento inadecuado para a tarefa que estaba a realizar, e a propia empresa o reconece no seu recurso sen que poida eximirse da súa responsabilidade imputando ao traballador unha conduta negligente. A empresa ten a obriga de velar pola seguridade e saúde dos traballadores ao seu servizo e, neste sentido, sobre ela recae a obriga de observar escrupulosamente as medidas preventivas na seguridade do traballador, non sendo enervada tal obriga pola posible imprudencia do traballador. Así, a débeda de seguridade da empresa cos traballadores obrígaa a vixiar que se cumpran atentamente as súas instrucións, non só para protexer a aqueles do risco xenérico que crea o servizo encomendado, senón tamén para protexelos no suposto das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).
3. A presunción de veracidade das actas de inspección non vulnera o artigo 24 da Constitución tal e como sinala o Tribunal Supremo na súa sentenza de 2 de novembro de 1990, conforme á cal a presunción de veracidade das actas non produce *“unha inxustificable inversión da carga da proba que lesione o dereito fundamental da presunción de inocencia, nin indefensión, nin esixencia contraria de feitos negativos”*, posto que fronte á súa forza probatoria se pode reaccionar presentando proba en contrario.
4. Efectivamente, obsérvase un erro de transcripción no fundamento segundo da resolución impugnada, erro corrixible conforme ao disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, por canto se cualifica a falta como grave en grao máximo, cando na acta se cualifica en grao medio. Non existe, en todo caso, prexuízo para o interesado: a cantidade da sanción é a mesma (15.025,30 €) e a resolución recorrida é clara ao sinalar expresamente que se confirma a proposta da acta de infracción.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, considérase, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

## **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don C.O.F. en representación da empresa F., S.L., contra a Resolución de data do 16 de maio de 2002 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 15.025,30 imposta á citada empresa.

## RESOLUCIÓN DE 9 DE XUÑO DE 2003

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### Feitos

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 15.1 do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, en relación co artigo 2 do R.D. 2.720/1998, do 18 de decembro, en relación coa suscripción de reiterados contratos por obra cun obxecto carente de autonomía e sustantividade propia, e polo tanto, cunha finalidade distinta á prevista legal e regulamentariamente.

Ademais, infrínxese o disposto no artigo 15.1.c) do Texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores, en relación cos artigos 4 e 8 do R.D. 2.720/1998, en relación coa extinción dun contrato de interinidade antes da reincorporación da traballadora sustituída.

Tales infraccións atópanse tipificadas e cualificadas como GRAVES no artigo 7.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose as sancións resultantes en grao MÍNIMO, e tendo en conta os criterios do art. 39 da citada norma legal, concretamente a negligencia do suxeito infractor así como o prexuízo causado aos traballadores, propónse a imposición de dúas multas de 601 €, o que fai un total de 1.202 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 20 de xuño de 2002 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.202 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

### Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a

estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- O expediente sancionador referenciado baséase en dúas infraccións claras á normativa laboral:

- Por un lado, conséntase a existencia de distintos contratos por obra ou servizo determinado, que afectan a varios profesores, que se encadean un tras outro, e que teñen por obxecto unha actividade, impartir clases, que de ningún xeito goza de autonomía e substantividade propia dentro da actividade normal da empresa, por canto, precisamente, impartir clases é a actividade fundamental desta. Efectivamente, a contratación a través desta modalidade contractual para impartir clases nun centro educativo, sen ningunha especialidade no posto de traballo, constituíndo unha actividade natural e ordinaria, que non pode cualificarse de autónoma e diferenciada das tarefas normais e permanentes do centro, considérase un suposto de fraude de lei.
- Por outra banda, a extinción dun contrato de interinidade antes da reincorporación da traballadora substituída non pode ser admitida, por canto o artigo 8.1.c) do R.D. 2.720/1998 establece como causa de extinción a reincorporación do traballador sustituido, sen que poidan aceptarse as razóns esgrimidas pola empresa.

En efecto, en relación coas alegacións feitas pola empresa ao respecto, reitérase que as causas en base ás que pretende eximirse da súa responsabilidade non poden terse en conta, conforme aos motivos xa expostos na resolución recorrida.

Así mesmo, procede aclararlle á recorrente que se trata de dous feitos infractores distintos, con vulneración de normas tamén diferentes (infracción á normativa do contrato de obra ou servizo determinado e infracción á normativa do contrato de interinidade), aínda que se tipifiquen no mesmo artigo. Non se produce vulneración do principio de “non bis in idem”, polo tanto, ao non existir identidade de feitos e fundamento entre ambas as dúas sancións.

Polo demais, o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese e a reiterar os argumentos xa expostos no seu escrito de alegacións á acta, que foron debidamente estudados e respostados na resolución da delegación. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don C.P.R. en representación da empresa C.L.L.P., contra a Resolución de data do 20 de xuño de 2002 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.202 € imposta á citada empresa.

### **RESOLUCIÓN DE 16 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- A Inspección de Traballo e Seguridade Social levantou a citada Acta, por incumprimento do disposto nos artigos 10 e 11 e o punto 3.a) da parte C do anexo IV do Real decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, e o artigo 192 da Ordenanza laboral para a construción, vidro, cerámica e similares, aprobada por Orde ministerial do 28 de agosto de 1970, todos eles en relación cos artigos 14.1 e 15 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais; en referencia á ausencia de medidas de protección colectiva fronte ao risco de caída na obra situada en Ameiro-Dena, onde sufriu un accidente o traballador don E.G.S..

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.16.f) do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de conformidade co disposto no artigo 39.3 da mesma norma, proponéndose a imposición dunha multa de 1.503,13 €.

SEGUNDO.- Logo de tramitar audiencia ao interesado, conforme ao establecido no art. 18.2 do R.D. 928/1998, pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 25 de marzo de 2002 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.503,13 €.

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

## Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas polo agora recorrente, cabe precisar que aínda que é certo que a inspectora actuante non foi testigo presencial do accidente, dado o seu carácter imprevisible, non cabe esquecer que a constatación das circunstancias en que se produciu, se levou a cabo a través da entrevista realizada a unha testemuña do accidente, D. S. P. M. Constatados así os feitos e sinalado na propia acta o medio de convicción en que se baseou o funcionario actuante, corresponde á empresa expedientada desvirtualos, pois aqueles gozan de eficacia probatoria, dada a innecesariedade manifesta da observación persoal dos feitos pola inspectora.

Por outra banda, non debe esquecerse que o artigo 15.1.h) da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais establece que o empresario debe adoptar as medidas que integran o deber xeral de prevención, adoptando medidas que antepoñan a protección colectiva á individual.

En todo caso, engádese que, como contrapartida á facultade organizadora da empresa polo seu titular, sobre esta recae a escrupulosa observancia das medidas preventivas na seguridade do traballador, non sendo enervada de tal obriga pola posible imprudencia do traballador. A débeda de seguridade da empresa cos traballadores non se esgota con darlle os medios normais de protección senón que ven ademais obrigada á axeitada vixilancia do cumprimento das súas instrucións que deben ter non só a finalidade de protexer aos traballadores do risco xenérico que crea ou esixe o servicio encomendado, senón ademais da prevención das ordinarias imprudencias profesionais (S.T.S. 24.09.96).

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traba-



llo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por doña I.V.C. en representación da empresa P.C.S., S.L., contra a Resolución de data do 25 de marzo de 2002 acordada pola Delegación Provincial de PONTEVEDRA, en VIGO, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.503,13 € imposta á citada empresa.

### **RESOLUCIÓN DE 23 DE XUÑO DE 2003**

Examinado o recurso formulado pola empresa de referencia contra a Resolución dictada no expediente sancionador iniciado a raíz do levantamento da Acta de Infracción sinalada e, tendo en conta os seguintes

### **Feitos**

PRIMEIRO.- Pola Inspección de Traballo e Seguridade Social levantouse a citada Acta, por incumprimento do disposto no artigo 16.1 da Lei 31/95, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por canto se comprobou que a empresa non realizou unha avaliación inicial de riscos válida.

Tal infracción atópase tipificada e cualificada como GRAVE no artigo 12.1 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, apreciándose a sanción resultante en grao MÍNIMO, de conformidade co disposto nos artigos 39 e 40 da mesma norma, propoñéndose a imposición dunha multa de 1.503,13 €.

SEGUNDO.- Logo do Informe-proposta de resolución emitido pola Inspección de Traballo no sentido de confirmar a acta, pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais o 14 de marzo de 2002 dictouse Resolución na que na súa parte dispositiva estimou procedente impor unha sanción de 1.503,13 € .

TERCEIRO.- Contra a antedita Resolución a empresa interpuxo en tempo e forma recurso, no que solicitaba que se deixase sen efecto a resolución recorrida, conforme ás alegacións que estimou máis conveniente ao seu dereito e que, por razóns de economía procesual, se dan aquí por integramente reproducidas.

## Fundamentos xurídicos

PRIMEIRO.- A competencia desta Dirección Xeral de Relacións Laborais vén determinada polo Real Decreto 2.412/1982, do 24 de xullo (BOE do 28 de setembro), sobre traspaso de competencias en materia de traballo á Comunidade Autónoma de Galicia; Decreto 117/1982, do 5 de outubro (DOG do 19 de outubro), sobre asunción de transferencias en materia de traballo; Decreto 211/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), sobre distribución de competencias entre os órganos da Xunta para a imposición de sancións nas materias laborais, de prevención de riscos e por obstrución do labor inspector; Decreto 212/2003, do 3 de abril (DOG do 11 de abril), polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais; e demais normas xerais de pertinente aplicación.

SEGUNDO.- Na tramitación do recurso observáronse os requisitos e demais prescricións establecidas na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, parcialmente modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, e no Regulamento xeral sobre procedementos para a imposición de sancións por infraccións de orde social e para expedientes liquidatorios de cotas de seguridade social, aprobado mediante o Real Decreto 928/1998, do 14 de maio.

TERCEIRO.- En relación coas alegacións feitas pola empresa recorrente, cabe facer as seguintes precisións:

1. Segundo a normativa vixente aplicable aos procedementos sancionadores na orde social, non existe obriga de notificar o informe ampliatorio ao inculpado. Non obstante o anterior, de acordo co artigo 17.4 do Real Decreto 928/1998, e co artigo 35.a) da Lei 30/1992, os interesados poderán ver o expediente e mesmo obter copias dos documentos contidos neles. Polo tanto, non pode admitirse que a entidade inculpada se atopara nunha situación de indefensión, posto que, en todo caso, tivo a posibilidade de solicitar copia do informe ampliatorio da inspección, podendo, no momento de interpoñer o presente recurso de alzada, facer as alegacións que estimara pertinentes en relación co referido informe, tendentes a desvirtuar o seu contido. Ademais, a resolución recorrida introduceu como motivación e recolle o seu contido fundamental no seu feito cuarto.
2. A solicitude de informe ampliatorio á Inspección de Traballo é un trámite procedimental esixido polo artigo 18.3 do R.D. 928/1998 cando nas alegacións á acta se invocan feitos ou circunstancias distintos aos alí consignados, insuficiencia de relato fáctico ou indefensión por calquera causa.
3. En canto á ausencia do trámite de audiencia ao interesado, cabe sinalar que o artigo 18.4 do R.D. 928/1998 prevé este trámite sempre que das dilixencias practicadas se desprenda a invocación ou concurrencia de feitos distintos aos reseñados na acta da Inspección. Polo tanto, non é preceptiva a audiencia do interesado salvo que do escrito do interesado, das probas aportadas por el ou dos informes complementarios se desprenda a existencia de feitos distintos aos incorporados na acta. Precisamente, no caso que nos ocupa, nin as alegacións nin o informe ampliatorio emitido pola Inspección, aportan novos feitos polo que non é preciso o trámite de audiencia, xa que a sanción se impuxo polos mesmos feitos consignados na acta, que non foron obxecto de ningunha modificación posterior.

1. Respecto da prescrición débese sinalar que tanto doutrina como xurisprudencia coinciden en sinalar que este tipo de infraccións non comezan a prescribir en tanto persista a conduta infractora, de xeito que non se computa o prazo de prescrición desde a entrada en vigor da norma infrinxida, tal e como proclama o recorrente.

CUARTO.- Tendo en conta todo o anterior, procede concluír que o alegado en vía de recurso non desvirtúa o xa resolto en instancia nin introduce cuestión nova ningunha que non fora tida en conta, limitándose o recorrente a facer simples interpretacións acomodaticias ao seu propio interese. Considérase, polo tanto, que queda suficientemente acreditada a infracción a través da Acta da Inspección actuante e, dado o valor e forza probatoria que se lle deben atribuír ás Actas levantadas pola Inspección de Traballo, segundo dispón o artigo 53.2 do Texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado mediante o Real Decreto Lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, ao non ser esta destruída por proba suficiente en contrario e estimando axeitada a tipificación e cualificación que da infracción se fai, procede confirmar a resolución de instancia en todos os seus extremos.

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeral aplicación, esta DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS LABORAIS

### **Resolve**

DESESTIMAR o recurso interposto por don A.A.A. en representación da empresa P., S.L., contra a Resolución de data do 14 de marzo de 2002 acordada pola Delegación Provincial da CORUÑA, da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e confirmar a sanción de multa de 1.503, 13 €. imposta á citada empresa.